

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN, INDUSTRIA E COMERCIO

Corrección de erros.-Orde do 25 de febreiro de 2005 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas para o fomento da innovación empresarial, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2005.

Advertido erro na antedita orde, publicada no DOG nº 42, do 2 de marzo de 2005, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 3.457, no artigo «2º.-Aplicacións orzamentarias», na última fila do cadro en que se consignan os créditos destinados ao financiamento da orde, onde di:

	TOTAL	17.404.197,95	12.182.938,57FP3	110.442.518,77
--	-------	---------------	------------------	----------------

Debe dicir:

	TOTAL	17.404.197,95	12.182.938,57	110.442.518,77
--	-------	---------------	---------------	----------------

Na páxina 3.460, no artigo «8º.-Obtención dos formularios normalizados de solicitude», cuarto parágrafo, onde di: «endereço de correo electrónico axudas.tecnoloxia.2005*xunta.es», debe dicir: «endereço de correo electrónico axudas.tecnoloxia.2005@xunta.es».

Nota: esta corrección no afecta o prazo de presentación de solicitudes.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA AGROALIMENTARIA E DESENVOLVEMENTO RURAL

Orde do 3 de marzo de 2005 pola que se establecen bolsas de prácticas para titulados en especialidades agrarias.

Coa finalidade de que os recentemente titulados en especialidades agrarias acaden maiores coñecementos prácticos nas materias propias dos seus estudos, que lles permitan unha mellor preparación para o seu futuro profesional, esta consellería considera interesante establecer unha liña de axudas en forma de bolsas de prácticas.

Por todo o exposto, en consonancia co establecido no artigo 30.1.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e en uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Establécense axudas económicas, que no sucesivo denominaremos bolsas, para realizar prácticas en temas agrarios, conforme as bases contidas nesta orde.

Artigo 2º.-Finalidade.

As bolsas concederanse para o desenvolvemento de estudos e prácticas formativas en materia agraria. As prácticas realizaranse en empresas e entidades relacionadas co sector agrario, así como en unidades da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.

Artigo 3º.-Carácter das bolsas.

As bolsas teñen carácter formativo e non implican relación laboral nin administrativa dos beneficiarios coas empresas e entidades, nin coa Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, aínda que si a necesaria dependencia administrativa en relación co horario, normas de réxime interno e disciplina da empresa, entidade ou unidade administrativa onde se realicen as prácticas.

As bolsas tampouco darán lugar á súa inclusión na Seguridade Social. Porén, subscribíraselles a todos os bolseiros unha póliza colectiva de seguro de accidentes durante o tempo de duración das prácticas.

Artigo 4º.-Destinatarios e número de bolsas.

Establécense un total de ata 50 bolsas de prácticas, destinadas aos titulados recentemente como enxeñeiros agrónomos, enxeñeiros técnicos agrícolas, veterinarios ou licenciados en ciencia e tecnoloxía dos alimentos.

Artigo 5º.-Duración e contía económica.

Todas as bolsas terán unha duración mínima de 3 meses, salvo renuncia ou incumprimento dos beneficiarios. Poderanse realizar a partir do mes de xullo do ano en curso. O seu importe económico será de 700 € por mes de prácticas realizado.

No caso de que existan remanentes orzamentarios, e por proposta da comisión de valoración, as bolsas de prácticas poderanse prorrogar mensualmente ata o mes de decembro deste ano, como máximo, tendo preferencia as que se desenvolvan en unidades desta consellería.

Artigo 6º.-Empresas interesadas: documentación.

1. As cooperativas agrarias, industrias agroalimentarias, consellos reguladores e demais empresas e entidades relacionadas co sector agrario interesadas en acollerer algún bolseiro en período de prácticas, das titulacións que se relacionan no artigo 4º desta orde, solicitarano á Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.

2. As solicitudes presentaranse segundo o modelo adxunto (anexo I), debidamente cuberto e asinado polo presidente ou representante legal da empresa ou entidade peticionaria, xunto coa seguinte documentación:

-Breve memoria, xustificando a petición e especificando o tipo de prácticas que se van realizar,

duración, horario, etc., así como a titulación do bolseiro que demandan, que se trataría de satisfacer na medida en que sexa posible.

-Fotocopia do CIF da empresa ou entidade.

-Fotocopia dos TC 1 e 2 do último mes, para acreditar o seu cadro de persoal.

Artigo 7º.-Bolseiros: requisitos.

1. Poderán solicitar estas bolsas aquelas persoas tituladas que:

-Teñan a condición de galegos, ou que polo menos residan actualmente en Galicia.

-Obtivesen o título de enxeñeiro agrónomo, enxeñeiro técnico agrícola, veterinario ou licenciado en ciencia e tecnoloxía dos alimentos, con posterioridade ao 30 de xuño de 2002.

2. Estas bolsas son incompatibles con calquera outra e co traballo remunerado de carácter fixo ou temporal durante o seu período de duración.

Artigo 8º.-Bolseiros: documentación.

As solicitudes presentaranse segundo o modelo adxunto (anexo II), debidamente cuberto e asinado polo interesado, xunto coa seguinte documentación:

-Fotocopia do DNI, coa data de nacemento ben lexible.

-Declaración xurada do interesado, na que faga constar que cumpre os requisitos sinalados no artigo 7º desta convocatoria e que non realiza ningún traballo remunerado nin desfruta doutro tipo de bolsa ou axuda á vez para o mesmo fin.

-Copia compulsada do título ou xustificante de similar valía, expedido polo centro onde cursou os seus estudos.

-Orixinal ou copia compulsada da certificación sobre a cualificación media global que obtivo na carreira, a poder ser expresada numericamente, expedida nos anos 2004 ou 2005, e de acordo co sistema de baremación que as universidades apliquen actualmente.

-Acreditación, en orixinal ou copia compulsada, do coñecemento da lingua galega.

-Xustificación bancaria do número de conta.

Artigo 9º.-Presentación de solicitudes e prazo.

As solicitudes irán dirixidas ao conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural. Presentaranse preferentemente no rexistro xeral desta consellería, nas súas delegacións provinciais ou do xeito previsto no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Tanto as empresas como os titulados en especialidades agrarias interesados en solicitaren estas bolsas de prácticas deberán presentar as respectivas solicitudes no prazo de 40 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 10º.-Tramitación.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Dirección Xeral de Industrias e Promoción Agroalimentaria procederá á súa revisión e tramitación. Se as solicitudes non estivesen debidamente cubertas ou non se lles xuntase a documentación exixida, requiriranse os interesados para que nun prazo máximo de dez días emenden os erros ou acheguen os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non facelo, se terá por desistido da súa petición e se arquivará a solicitude, logo de resolución ditada nos termos previstos no artigo 42, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Artigo 11º.-Selección das empresas.

Terán preferencia aquelas empresas e entidades que:

-Teñan previsto ampliar o seu cadro de persoal nos 6 meses seguintes á petición do bolseiro, sempre que o xustifiquen na memoria de solicitude.

-Ofrezan para o bolseiro un posto en prácticas acorde coa súa titulación.

Artigo 12º.-Selección dos bolseiros.

1. A selección dos bolseiros faraa unha comisión de valoración presidida polo director xeral de Industrias e Promoción Agroalimentaria da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, e da que tamén forman parte: como secretario un funcionario do Servizo de Fomento Asociativo e como vogais o subdirector xeral de Industrias Agroalimentarias e o xefe do Servizo de Fomento Asociativo.

2. A selección realizarase tendo en conta:

* A cualificación media global da carreira, expresada numericamente, segundo a certificación expedida pola universidade onde cursaron os estudos. Se a nota da carreira non se detallase en número, para efectos de efectuar a selección dos bolseiros tomaranse como referencia os seguintes valores equivalentes: aprobado -1, notable -2, sobresáinte - 3 e matrícula de honra -4.

* Os coñecementos de galego, valoraranse a razón de 0,2 puntos polo nivel de iniciación e de 0,4 puntos polo nivel de perfeccionamento, sen que sexan acumulables ambas as dúas puntuacións.

* No caso de que varios solicitantes teñan a mesma puntuación, usaranse como criterios de desempate: en primeiro lugar, a maior antigüidade na data de

obtención do título; e en segundo lugar, a maior idade dos solicitantes.

3. A consellería poderá reservar ata un máximo dun 15% das bolsas de prácticas convocadas para adxudicalas a titulados en especialidades agrarias que reúnan requisitos excepcionais, xa sexan razóns de interese social, minusvalidez ou discapacidade. En todo caso, os interesados deberán presentar as correspondentes xustificacións, que deberán ser informadas favorablemente pola comisión de valoración.

4. Unha vez rematado o proceso de selección, a comisión de valoración confeccionará a lista provisional de posibles bolseiros, ordenada de maior a menor, segundo a súa puntuación. Esta lista provisional exporase no taboleiro de anuncios da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, nos servizos centrais, en San Caetano, Santiago de Compostela. Tamén estará á disposición dos interesados na páxina web desta consellería (www.xunta.es/conselle/ag/axudas); así como no Servizo de Fomento Asociativo, para calquera consulta, tanto persoal como telefonicamente (con enderezo na rúa dos Irmandiños, s/n, Santiago de Compostela, teléfono 981 54 00 60).

O prazo de exposición, consultas e reclamacións terá lugar entre o 1 e o 10 de xuño próximo. Seguidamente, a comisión de valoración resolverá as reclamacións, e a partir do 15 de xuño exporase a lista definitiva de posibles bolseiros, nos mesmos lugares e forma citados anteriormente.

5. De igual xeito exporase a relación de bolsas de prácticas que se ofertarán, especificando a empresa, entidade ou unidade desta consellería onde se van realizar, en que localidade, a titulación preferente requirida, a data de comezo e, se é posible, cales son as bolsas susceptibles de prorrogarse.

Artigo 13º.-Proceso de elección das bolsas de prácticas.

1. O día 22 de xuño, ás 12.00 horas da mañá, convócanse todos os posibles bolseiros para que cada un elixa a bolsa de prácticas que lle interese. Este acto de elección terá lugar na Escola Galega de Administración Pública (EGAP). O seu enderezo é: rúa Madrid, nº 2-4, Polígono das Fontiñas, Santiago de Compostela.

2. O proceso de elección farase para cada unha das titulacións citadas pola orde de puntuación definitiva, de maior a menor. O número de bolsas que se van escoller será como máximo dun cuarto para cada unha das titulacións, salvo que nalgunha delas quedasen vacantes, que entón poderanse acumular ás outras, segundo o criterio da comisión de valoración.

3. Aqueles bolseiros que o día 22 de xuño non comparezan ou non estean representados mediante suficiente acreditación no proceso de elección, entenderase que renuncian á bolsa de prácticas que lles puidese corresponder.

4. Con todos aqueles candidatos que non obtiveron bolsa de prácticas, sempre que cumpran os requisitos exixidos nesta orde e que estivesen presentes o antecedito 22 de xuño no proceso de elección, conformarase unha lista de suplentes, ordenada de maior a menor segundo a súa puntuación, para cubrir posibles renuncias ou baixas que se produzan durante o período de duración das bolsas concedidas.

5. Calquera modificación significativa que puidese ter lugar, en relación coa elección das bolsas de prácticas e o seu posterior desenvolvemento, deberá ser acordada pola comisión de valoración e comunicáraselles a todos os afectados.

Artigo 14º.-Desenvolvemento das bolsas de prácticas.

1. En ningún caso se admitirán, no desenvolvemento das bolsas de prácticas, os cambios de destino entre os bolseiros.

2. Antes do 30 de xuño, os bolseiros deberán comunicarlle ao Servizo de Fomento Asociativo, mediante escrito asinado polo interesado, a aceptación da bolsa de prácticas concedida, de acordo co establecido nesta orde.

3. Cada bolseiro deberase presentar a comezos do mes de xullo no destino onde vai realizar as prácticas. Se non se incorporan antes do 5 de xullo do ano en curso, nin tampouco presentan documentación xustificativa da súa ausencia, entenderase que renuncian á bolsa de prácticas que elixiron.

4. As posibles baixas ou renuncias ofertáraselles, por estrita orde segundo se produzan, aos candidatos que conforman as listas de suplentes, de acordo coa súa puntuación.

5. Só se ofertarán aquelas bolsas de prácticas, cando a baixa ou renuncia dos bolseiros se produza antes do 10 de agosto deste ano.

Artigo 15º.-Resolución e aceptación das bolsas de prácticas.

1. O conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural resolverá a concesión destas bolsas, segundo proposta da comisión de valoración, unha vez rematados os procesos de selección e elección.

2. O prazo para resolver será de seis meses, contados desde a data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. As solicitudes poderanse entender desestimadas cando transcorra o devandito prazo sen que recaese resolución expresa.

Artigo 16º.-Xustificación e pagamento.

1. Se se produce calquera incidencia no desenvolvemento dalgunha das bolsas de prácticas que poida afectar pagamento desta, o responsable correspondente da empresa, entidade ou unidade desta consellería, ten a obriga de comunicarlle rapidamente ao Servizo de Fomento Asociativo. Se antes de rematar cada mes non se comunicou ningunha incidencia, entenderase, baixo a súa responsabili-

dade, que o bolseiro cumpriu correctamente co labor encomendado.

2. Durante o período de prácticas, esta consellería poderá realizar controis para comprobar o correcto desenvolvemento das bolsas de prácticas. Calquera irregularidade detectada e non comunicada poderá ser causa de perda da condición de bolseiro e da devolución dos importes percibidos.

3. Nos 15 días seguintes á finalización do período de prácticas, os bolseiros remitiranlle ao antedito servizo un informe final, no que resuman de forma detallada a totalidade do traballo e actividades realizadas.

4. Ao finalizar a bolsa de prácticas, o responsable da empresa, entidade ou unidade desta consellería tamén deberá remitir un breve informe sobre o labor desempeñado polo bolseiro.

5. O pagamento irase facendo mes a mes, coa excepción do establecido nos puntos 1 e 2 deste artigo. No caso do último mes, o pagamento quedará condicionado a que previamente se reciban os informes citados nos puntos anteriores 3 e 4.

6. Se durante o período de prácticas o bolseiro causa baixa ou perde a condición como tal, poderáselle pagar o importe correspondente aos meses vencidos que estean pendentes, pero en ningún caso se lle pagarán fraccións mensuais.

Artigo 17º.-Financiamento.

O importe destas bolsas de prácticas sufragarase con cargo á aplicación orzamentaria 09.04.612-A.480.1 axudas á promoción asociativa e social, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005, cunha dotación inicial de cento sesenta e cinco mil douscentos setenta e nove euros (165.279 €), así como con outros remanentes que puidesen existir na mesma aplicación.

Artigo 18º.-Perda da condición de bolseiro.

1. O bolseiro perderá a condición como tal:

-No momento en que incumpra calquera dos requisitos que se establecen nesta orde.

-Se non se presenta ou deixa de asistir ao destino onde realiza as prácticas.

-Cando o responsable da unidade, empresa ou entidade emita informe negativo sobre a actitude do bolseiro no desempeño do labor encomendado.

2. Garantírase en todo caso a audiencia do bolseiro afectado.

3. Ao perder a condición de bolseiro tamén deixará de percibir o importe correspondente, aplicándosele esta condición con carácter retroactivo desde o primeiro día do mes en curso ou desde o comezo da bolsa de prácticas.

4. Os bolseiros que causen baixa ata o 10 de agosto serán substituídos polos candidatos incluídos na lista de suplentes, que se convocarán de forma correlativa.

5. Tamén se lles poderá anular a concesión do bolseiro a aquelas empresas ou entidades nas que o traballo de prácticas desenvolvido non garde relación co descrito na solicitude. Para o bolseiro afectado poderase habilitar outra bolsa de prácticas alternativa, sempre que sexa posible.

Artigo 19º.-Seguro.

A Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural contratará unha póliza colectiva de seguro de accidentes para todos os bolseiros durante o período de prácticas.

Artigo 20º.-Modificación, seguimento e control.

1. Toda alteración das condicións que se tiveron en conta para a concesión da bolsa de prácticas poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. O beneficiario da axuda estará obrigado a facilitar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Artigo 21º.-Réxime de recursos.

1. A convocatoria desta axuda, as súas bases e todos cantos actos administrativos deriven dela, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2. As resolucións expresas ou presuntas ditadas en aplicación desta orde esgotan a vía administrativa e contra elas poderase interpor potestativamente recurso de reposición ante o conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación se é expresa, ou de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto, segundo os casos; ou ben poderá ser impugnada directamente ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

3. Igualmente, os beneficiarios desta orde de axudas quedan suxeitos ao réxime de infraccións e sancións previsto na Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (Decreto legislativo 1/1999).

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Industrias e Promoción Agroalimentaria desta consellería para ditar as normas necesarias para a correcta aplicación e desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2005.

José Antonio Santiso Miramontes
Conselleiro de Política Agroalimentaria
e Desenvolvemento Rural

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
POLÍTICA AGROALIMENTARIA
E DESENVOLVEMENTO RURAL

PROCEDEMENTO BOLSAS DE PRÁCTICAS PARA TITULADOS EN ESPECIALIDADES AGRARIAS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO AG247A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DA EMPRESA OU ENTIDADE

RAZÓN SOCIAL		CIF	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	
NOME DO RESPONSABLE			

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

BREVE MEMORIA. XUSTIFICANDO A PETICIÓN E ESPECIFICANDO O TIPO DE PRÁCTICAS QUE SE VAN REALIZAR, DURACIÓN, HORARIO, ETC. ASÍ COMO A TITULACIÓN DO BOLSEIRO QUE SE DEMANDA.

FOTOCOPIA DO CIF.

FOTOCOPIA DOS TC 1 E 2 DO ÚLTIMO MES

OBSERVACIÓNS

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 3 de marzo de 2005 pola que se establecen bolsas de prácticas para titulados en especialidades agrarias.

SINATURA DO/A REPRESENTANTE E SELO DA EMPRESA

_____ de _____ de 200

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA / /
	DATA DE EFECTOS / /
	DATA DE SAÍDA / /

Conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural

ANEXO II



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
POLÍTICA AGROALIMENTARIA
E DESENVOLVEMENTO RURAL

PROCEDEMENTO BOLSAS DE PRÁCTICAS PARA TITULADOS EN ESPECIALIDADES AGRARIAS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO AG247A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO/A TITULADO/A EN ESPECIALIDADES AGRARIAS

APELIDOS	NOME	NIF
ENDEREZO		LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

DATOS BANCARIOS

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	ORDINAL BANCARIO	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
NOME DA ENTIDADE		ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

<input type="checkbox"/>	FOTOCOPIA DO DNI DO SOLICITANTE.
<input type="checkbox"/>	DECLARACIÓN DO INTERESADO NA QUE FAGA CONSTAR QUE CUMPRE OS REQUISITOS SINALADOS NO ARTIGO 7º DESTA CONVOCATORIA E QUE NON REALIZA NINGÚN TRABALLO REMUNERADO NIN DESFRUTA DOUTRA BOLSA OU AXUDA Á VEZ.
<input type="checkbox"/>	COPIA COMPULSADA DO TÍTULO OU XUSTIFICANTE DE SIMILAR VALÍA, EXPEDIDO POLO CENTRO ONDE CURSOU OS SEUS ESTUDOS.
<input type="checkbox"/>	COPIA COMPULSADA DA CERTIFICACIÓN SOBRE A CUALIFICACIÓN MEDIA GLOBAL QUE OBTIVO NA CARREIRA. SE PODE SER, EXPRESADA NUMERICAMENTE, EXPEDIDA NOS ANOS 2004 OU 2005, SEGUNDO A BAREMACIÓN DA UNIVERSIDADE.
<input type="checkbox"/>	ACREDITACIÓN, EN ORIXINAL OU COPIA COMPULSADA, DO COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.
<input type="checkbox"/>	XUSTIFICACIÓN BANCARIA DO NÚMERO DE CONTA.

OBSERVACIÓNS:

--

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 3 de marzo de 2005 pola que se establecen bolsas de prácticas para titulados en especialidades agrarias.

SIGNATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA

, de de 200

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

/ /

DATA DE EFECTOS

/ /

DATA DE SAÍDA

/ /

Conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural

CONSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Orde do 22 de febreiro de 2005 pola que se fixan os prezos de venda ao público de diversos artigos desta consellería.

A Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 51 sinala a obriga de que os prezos privados sexan fixados polas consellerías correspondentes, logo do informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, e publicados no *Diario Oficial de Galicia*.

Para cumprir este mandato e despois de emitir o informe favorable a Consellería de Economía e Facenda, esta consellería

DISPÓN:

Artigo único.

1. Quedan aprobados os prezos privados de venda ao público dos obxectos dos museos xestionados por esta consellería que se relacionan no anexo I.

2. Estes prezos entenderanse, de ser o caso, con IVE incluído.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2005.

Jesús Pérez Varela
Conselleiro de Cultura, Comunicación Social
e Turismo

ANEXO I

Relación de obxectos dos que se aproban aos prezos privados de venda ao público:

-Museo de Belas Artes (A Coruña).

Paraugas:	10,00 €.
Lapis:	1,20 €.
Bolígrafo:	2,00 €.
Libreta:	3,50 €.
Camiseta neno:	5,00 €.
Camiseta muller:	9,00 €.
Camiseta home:	6,00 €.
Cartel:	2,00 €.

-Museo das peregrinacións (Santiago de Compostela).

Poncho:	1,00 €.
Lapis fluorescente:	1,50 €.
Afialapis:	0,50 €.
Estoxo:	2,00 €.
Petate:	6,00 €.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Corrección de erros.-Orde do 3 de febreiro de 2005 sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade.

Advertidos erros na devandita orde, publicada no DOG nº 26, do 8 de febreiro de 2005, cómpre facer as oportunas correccións:

Na páxina 2.163, na disposición transitoria, onde di: «... as facultades a que se refiren as letras d), e), k), ñ) e p), serán exercidas ...», debe dicir: «...as facultades a que se refiren as letras d), e), k), o) e q) serán exercidas ...».

CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

Resolución do 3 de febreiro de 2005, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo da empresa Dinahosting, S.L.

Visto o expediente do convenio colectivo da empresa *Dinahosting, S.L.* (código convenio 1504212), que tivo entrada nesta delegación provincial o día 13-1-2005 e subscrito pola parte económica por *Dinahosting, S.L.* e pola parte social polo delegado de persoal os días 15-11-2004, 24-12-2004 e 25-1-2005, de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a súa inscrición no libro rexistro de convenios colectivos de traballo, que consta nesta delegación provincial, e notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.-Ordenar o depósito do citado acordo no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

A Coruña, 3 de febreiro de 2005.

Cristina Azpilcueta González
Delegada provincial da Coruña